

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: IES DO CAMIÑO (PALAS DE REI)
CURSO: 2021-2022
DEPARTAMENTO: Lingua e Literatura galega
DATA:1-04-2022**

As modificacións que se introducen no apartado avaliación da programación de Lingua e Literatura Galega do curso 2021-2022 axústanse á orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1.- ESO.

3ª AVALIACIÓN

A **cualificación** da 3ª **avaliación** será o resultado da media aritmética das tres que forman o curso.

O profesor/a pode realizar unha proba escrita final a comezos de xuño, que comprenda, ben toda a materia do curso ou ben un apartado específico, para tratar de recuperar aqueles alumnos/as que non acaden unha cualificación positiva co sistema da media.

Non se aprobará a materia nesta convocatoria con **notas inferiores a 3** nalgunha(s) avaliacións.

AVALIACIÓN ORDINARIA.

Alumnado con algunha parte ou a totalidade da materia suspensa.

- O alumnado cunha **avaliación suspensa por debaixo do 3** fará unha **proba escrita de recuperación desa parte.**
- O alumnado con **dúas ou tres avaliacións suspensas** fará unha **proba escrita**, na que deberá recuperar **todos os contidos da materia.**
- **Non se pode aprobar a materia** se non se demostrou que se fixeron todas as **lecturas obrigatorias.**
- Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a ordinaria na ESO.

O alumnado dos apartados anteriores fará **actividades de reforzo** no tempo que media entre a 3ª avaliación e a ordinaria, cuxa metodoloxía, tipo de actividades e materiais e recursos se especifican a continuación .

Metodoloxía:

-Proporase a lectura dun texto inicial, que servirá de base para abordar os aspectos comprensivo, literario e gramatical.

-Pedirase a realización de actividades gramaticais e literarias a partir dese texto.

- Axudarase ao alumnado a empregar técnicas de estudo que lle axude a entender os conceptos, nomeadamente os literarios e sociolingüísticos.

Actividades tipo:

- Lectura de textos.
- Realización de exercicios de carácter práctico, a xeito de repaso da morfoloxía, semántica, ortografía e sintaxe.
- Elaboración de esquemas, mapas conceptuais e resumos, nomeadamente para repasar os temas de literatura e de historia da lingua.

Materiais e recursos:

- Libro de texto.
- Recursos informáticos (contidos subidos á Aula Virtual, Edixgal, etc.).
- Fichas adicionais facilitadas polo profesor/a.

Alumnado coa materia aprobada

Para este alumnado, prepararanse **actividades de ampliación** da materia, relacionadas coa cultura galega, especialmente coa nosa literatura. Preténdese que ditos alumnos/as aproveiten eses días para mergullarse máis a fondo nos autores/as e obras máis relevantes.

Esas actividades de ampliación serán avaliadas cunhas rúbricas que recollan tanto os contidos lingüísticos e literarios coma os actitudinais, podendo incrementar a nota da 3ª avaliación nun máximo de 1 punto.

2.-BACHARELATO

AVALIACIÓN ORDINARIA

Faranse **probos de recuperación por avaliacións** dos contidos non superados, incluídos os das lecturas obrigatorias. **Non se aprobará** a materia nesta convocatoria con **notas inferiores a 3** nalgunha(s) avaliacións.

A **cualificación** da 3ª avaliación será o resultado da media aritmética das tres que forman o curso.

*Non se pode aprobar a materia se non se demostrou que se fixeron todas as **lecturas obrigatorias**.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- Na avaliación extraordinaria, farase unha **proba escrita referida á totalidade dos contidos**, incluídos os das lecturas obrigatorias. O exame valorarase de 0 a 10 puntos e nel especificarase a valoración de cada exercicio. O resultado da mesma representará o 100% da cualificación.

*Non se pode aprobar a materia se non se demostrou que se fixeron todas as **lecturas obrigatorias**.

- Actividades para o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria en 1º de Bacharelato.

Metodoloxía:

- Proporanse exercicios de tipoloxía textual.
- Realizaranse comentarios literarios.
- Axudarase ao alumnado a empregar técnicas de estudo que lle axude a entender os conceptos, nomeadamente os literarios e sociolingüísticos.
- Faranse exercicios de repaso de tipo gramatical.

Actividades tipo:

- Elaboración de textos de diferentes tipoloxías.
- Realización de comentarios literarios.
- Realización de exercicios de carácter práctico, a xeito de repaso da morfoloxía, semántica, ortografía e sintaxe.
- Elaboración de esquemas, mapas conceptuais e resumos, nomeadamente para repasar os temas de literatura e de historia da lingua.

Materiais e recursos:

- Libro de texto.
- Recursos informáticos (contidos aloxados na Aula Virtual).
- Fichas adicionais facilitadas polo profesor/a.

- Actividades para o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria en 2º de Bacharelato.

Metodoloxía:

- Proporanse exercicios de tipoloxía textual, nomeadamente os de tipo argumentativo e expositivo, de cara á preparación do comentario crítico.
- Realizaranse comentarios literarios das obras máis emblemáticas da literatura do século XX e comezos do XXI.
- Explicarase e/ou aclararase todo o que cumpra en cada intre.
- Axudarase ao alumnado a empregar técnicas de estudo que lle axude a entender e memorizar conceptos, nomeadamente os literarios e sociolingüísticos.
- Faranse exercicios de reforzo de tipo gramatical.

Actividades tipo:

- Elaboración de textos de diferentes tipoloxías.

- Realización de comentarios literarios.
- Realización de exercicios de carácter práctico, a xeito de repaso da morfoloxía, semántica, ortografía e sintaxe.
- Elaboración de esquemas, mapas conceptuais e resumos, nomeadamente para repasar os temas de literatura e de historia da lingua.

Materiais e recursos:

- Libro de texto.
- Recursos informáticos (contidos subidos á Aula Virtual).
- Fichas adicionais facilitadas polo profesor/a.

Alumnado de 1º de Bacharelato coa materia aprobada na avaliación ordinaria

Para este alumnado, prepararanse actividades de ampliación da materia, relacionadas coa cultura galega, especialmente coa nosa literatura. Preténdese que ditos alumnos/as aproveiten eses días para mergullarse máis a fondo nos autores/as e obras máis relevantes.

Tamén se poderá ampliar o traballo feito no relativo a tipoloxía textual.

Esas actividades de ampliación serán avaliadas cunhas rúbricas que recollan tanto os contidos lingüísticos e literarios coma os actitudinais, podendo incrementar a nota da avaliación ordinaria nun máximo de 1 punto.

Alumnado de 2º de Bacharelato coa materia aprobada na avaliación ordinaria

Ese alumnado, cuxa asistencia a clase será voluntaria, fará exames tipo ABAU, co fin de continuar familiarizándose coa súa estrutura, ao tempo que se repasan e reforzan os contidos do temario do curso.

3.-ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

ESO

- O alumnado coa materia pendente realizará as **tarefas de repaso** propostas polo profesor/a. A realización das mesmas, xunto coas notas positivas no curso superior, abondarán para recuperar a materia.
- Se non supera a materia pendente por ese procedemento, deberá realizar unha **proba escrita no mes de maio**. O resultado da mesma representará o 60% da cualificación e as actividades de recuperación realizadas, o 40% restante.
- En caso de non superar a materia en dita proba, poderá realizar unha nova **proba escrita no mes de xuño**. O resultado da mesma representará o 100% da cualificación.

BACHARELATO

- O alumnado coa materia pendente realizará as **tarefas de repaso** propostas polo profesor/a. A realización das mesmas, xunto coas notas das probas escritas feitas ao longo do curso, poderían abondar para recuperar a materia, representando as tarefas o 40% da nota e as probas escritas, o 60% .
- Se non aproba a materia pendente por ese procedemento,deberá realizar unha **proba escrita no mes de maio**, O resultado da mesma representará o 60% da cualificación e as actividades de recuperación realizadas, o 40% restante.
- En caso de non superar a materia en ditoexame, poderá realizar unha nova **proba escrita no mes de xuño**,cuxa puntuación sería o 100% da cualificación final.

Aclaración: No relativo ao **redondeo**, a nota aproximarase ao enteiro inferior para os decimais 1 a 5, e ao enteiro superior para os decimais de 6 a 9 (tanto na ESO coma no Bacharelato).